

**I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO A TRAVÉS
DA OFICINA DA ESTRADA DA REDE SMARTPEME PONTEVEDRA**



En Pontevedra/A Estrada

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. José Carlos López Campos, alcalde do Concello da Estrada actuando en representación da mesma en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta I addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello da Estrada asinaron, con data 10 de maio de 2022, un convenio de colaboración para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina da Estrada da Rede SmartPeme Pontevedra, situada no viveiro de empresas da Estrada, con vixencia ata o 20 de marzo de 2023.

Segunda.- Que resultando de interese para a Deputación e o concello da Estrada continuar coas actividades previstas no convenio, reuniuse, o 2 de febreiro de 2023, a Comisión de Seguimento do devandito convenio acordándose: *formalizar a través da súa correspondente I addenda a ampliación da vixencia do convenio ata o 20 de febreiro de 2024, data de finalización do contrato do "servizo de evolución e xestión da rede SmartPeme de Pontevedra", deixando o resto de cláusulas do convenio intactas.*

Terceira.- Que a cláusula décimo segunda do devandito convenio determina que as partes poderán prorrogar a vixencia do convenio de forma expresa, a través da correspondente addenda.

Cuarta.- Que a vixencia total do convenio de orixe non se estende máis do prazo máximo establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da duración

Ampliar a duración do Convenio ata o 20 de febreiro de 2024.

Que coa duración da presente prórroga a vixencia total do convenio non se estende por un período superior ao límite legal establecido no art. 49.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDA.- Efectos da addenda

A presente addenda xurdira efectos desde a súa sinatura.

Salvo nas modificacións expostas na presente addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do Convenio.

TERCEIRA.- Réxime xurídico

A regulación establecida nesta I addenda axustarase, en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do Convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente I addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello da Estrada para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina da Estrada da rede SmartPeme Pontevedra.

Documento asinado dixitalmente.

